

# 3º TRIMESTRE

Estimadas familias,

Hoxe, **14 de abril**, damos inicio ao terceiro trimestre. Como seguimos en estado de alarma e aínda non sabemos cando poderemos volver á escola, toca comezar dende casa. Por iso, o equipo de Infantil do CPIP Cabo da Orea, informámosvos de cómo se van desenvolver estas próximas semanas.

Primeiro de todo, queremos agradecer ás familias a vosa implicación e esforzo para axudar aos nenos e nenas nos retos que plantexamos nas semanas pasadas, nos que, con moita alegría e inxenio, foron superando todas as misións propostas. Damos por finalizados estos retos e en breve recibiredes os vosos diplomas acreditativos!

Neste novo trimestre, tanto os/as titores/as como as especialistas (inglés, música, music culture, psicomotricidade e relixión), propoñeremos actividades variadas coas que pretendemos que os nenos e nenas reforcen o aprendido ao longo do curso. Cada semana presentaremos tres actividades (segundo se mostra no calendario adxunto), que colgaremos na páxina web do cole, no apartado de Infantil, coa súa correspondente explicación. Serán actividades, na medida do posible, adaptadas aos medios dos que dispoñedes nas casas, para evitar os desprazamentos innecesarios. Con respecto ao calendario de actividades, os "días de libre elección", os nenos e nenas poderán elixir a actividade a realizar, ben sexa reforzando as actividades xa presentadas ou empregando os audiocontos e videocontos e as curtas e apps das compilacións que xa colgamos na web no segundo trimestre. Nesta ocasión non faremos video co resultado de todas as actividades, pero agradecemosvos que nos envidedes a foto coas actividades realizadas para ver o ben estades a traballar.

Para calquera consulta que teñades ao respecto, non dubidedes en preguntarnos.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Moito ánimo a todos e todas!  
Vémonos pronto!!!



Equipo de Infantil do CPIP Cabo da Orea.

